

O empapelado amarelo

Charlotte Perkins Gilman

Tradución de José Rodríguez Durán



O empapelado amarelo

por Charlotte Perkins Gilman

É infrecuente que persoas normais, coma John e coma min, aluguen unha casa de campo para pasar o verán.

Unha desas típicas mansións coloniais herdadas durante varias xeracións, unha casa que podería estar encantada, se se cumprisen os meus maiores soños románticos, pero iso sería moito pedir.

Así e todo, ten algo raro, sospeitoso, esta casa.

Por que ía ser tan barata senón? E como é que leva tanto tempo deshabitada?

John búrlase do que digo, pero non pasa nada, é o normal que unha agarda que pase nun matrimonio.

John é un home extremadamente práctico. Non ten paciencia para tratar con crenzas, atérralle dar espazo de debate a supersticións, e búrlase abertamente de conversas sobre o que non se pode tocar ou describir con estatísticas ou probas tanxibles.

John é médico, e esta poida que sexa *quizáis* (e isto é algo que non lle confesaría a ninguén, pero dado o nivel de confianza que me proporciona a escrita, non pasa nada) a razón principal pola que non melloro con maior rapidez.

Porque o caso é que el non cree que eu estea enferma.

E que podo facer eu contra algo así?

Cando un doutor de gran renome, que ademais é o teu marido, lle asegura a amigos, coñecidos e familiares que non existe unha enfermidade e que o problema que tes é só unha depresión nerviosa temporal, é dicir, unha tendencia histérica do máis común en mulleres, que se pode facer contra algo así?

O meu irmán tamén é médico, de igual estima e reputación, e pensa o mesmo sobre o meu estado, concorda con John en todo.

Así que tomo fosfatos, sulfatos ou como se chamen, e tónicos, e fago viaxes, e tomo o aire, e fago exercicio, e estame prohibido “traballar” ata que non estea por completo recuperada.

Persoalmente, estou en desacordo con este método.

Na miña opinión, un traballo agradable con algo de emoción faríame moito ben.

Pero que podo facer eu?

Escribín durante un tempo a pesar das súas recomendacións, pero o certo é que remataba exhausta, sobre todo por ter que facelo ás agochadas para evitar un conflito.

Ás veces penso que sería mellor para a miña condición se tivese menos conflitos diarios e máis estímulos e reunións sociais. Pero John di que o peor que podo facer é preocuparme por como solucionar o meu estado e, certamente, pensar en exceso sobre isto fai que me sinta peor.

Así que non vou falar máis do tema, falarei mellor sobre a casa.

É preciosa! O sitio máis fermoso que vin na miña vida! Está algo afastada, bastante lonxe do camiño principal e a uns cinco quilómetros da vila. Recórdame ás casas inglesas sobre as que leo nas novelas, con longas sebes e muros de pedra, e portóns de ferro separando a casa principal de outras moitas máis pequenas que hai no terreo para os xardineiros e o resto de persoas do servizo.

Ten un xardín marabilloso! Nunca vira un igual. Tan grande e cheo de emparrados que dan sombra para descansar e camiños perfectamente definidos por unha sucesión de pedriñas polos bordes.

Tamén hai un invernadoiro, agora baleiro e case na ruína.

Houbo algún tipo de problema legal coa casa, penso, entre herdeiros. Polo que fose, a casa leva deshabitada moitos anos.

Estes feitos poñen fin ás miñas historias de fantasmas. E aínda así, continúo advertindo algo raro nesta casa.

Intentei contarlle a John unha noite, pero respondeume que o que sentía sería corrente, e pedíume que pechase a fiestra.

Ofúscome con frecuencia con John sen razón apreciable. Non sei se antes de estar así era igual de sensible, pero supoño que será pola miña condición nerviosa.

John recomenda que cando me sinta así teño que facer todo o que estea na miña man por controlarme. E poño tanto empeño (polo menos cando está el diante) que remato gravemente fatigada.

Non me gusta para nada o noso cuarto. Eu quería quedar nun dos do primeiro piso, o que dá á galería e ten roseiras que gabea pola parede de fóra cubrindo os

marcos das fiestras, un cuarto cun estampado floral fermoso a xogo co exterior. Pero John dixo que non.

Que ese cuarto ten unha soa fiestra e que non hai sitio suficiente para dúas camas nin tampouco outro cuarto preto no caso de que nalgún momento fose mellor que el tivese que deixarme un pouco de espazo propio.

John cóidame moito e é tan amoroso comigo que poucas veces podo facer algún plan sen ter algún tipo de dirección previa.

Conto cun horario preciso para tomar toda a medicación prescrita, el encárgase exhaustivamente de todo, e eu síntome ingrata por non poder valoralo como merece.

Sempre me lembra que se estamos nesta casa é por min e pola miña saúde, para que puidese descansar e respirar aire puro. “O exercicio depende das forzas que teñas, querida,” di el, “e a comida depende do apetito, pero o aire podes tomalo todo o tempo.” E por iso decidimos escoller o que antes debía ser un cuarto para o bebé, arriba de todo.

É un cuarto grande e aireado que ocupa case todo o último piso, con fiestras en cada dirección, con moitísima luz durante todo o día. Após ser cuarto do bebé, ten pinta de ter sido reconvertido en sala de xogos para nenos e tamén ximnasio posteriormente, ou iso creo, porque todas as fiestras están enreixadas, a proba de cativos, e hai unha especie de aros pequenos e outras cousas colocados polas paredes.

A pintura e o papel da parede teñen marcas de uso propias dunha crianza. O papel está arrincado a cachos por enriba do cabeceiro da cama ata máis aló de onde podo chegar eu coas mans, e igual ao outro lado do cuarto. Nunca vira antes un empapelado tan feo.

Ten un deses deseños descontrolados e extravagantes que perpetrar todos os pecados artísticos coñecidos.

É demasiado tenue como para poder seguir o estampado coa vista con facilidade, e ao mesmo tempo está marcado abondo aínda como para irritar o sentido do bo gusto e provocar unha urxente necesidade de análise, e unha vez que comezas a seguir as curvas podes observar como ao pouco as liñas deciden suicidarse, xiran incertas en ángulos imposibles, autodestrúense en formas contraditorias.

A cor é repulsiva, case vomitiva. Un amarelo afumado, luxado, roído polo sol en moitos sitios.

Pálido, devén laranxa en algúns lugares e imita a cor brillante do xofre noutros.

É entendible que os nenos que xogasen aquí odiase este papel! Eu tamén o odiaría se tivese que pasar moito tempo neste cuarto.

Aquí chega John, vou gardar todo isto, non lle gusta que escriba no meu estado.

Levamos aquí xa dúas semanas e desde aquel primeiro día non tivera ganas de escribir outra vez.

Estou sentada xunto a fiestra, neste cuarto atroz, e non hai nada nin ninguén que impida a miña escrita de non ser pola falta de forzas.

John pasa todo o día fóra da casa, moitas noites tamén se o caso que atende é grave.

Alégrame, polo menos, que o meu non sexa considerado un caso grave!

Aínda que estes problemas de nervios poden chegar a ser terriblemente escuros tamén.

John non ten nin idea de canto sufro en realidade. El só sabe que non existe unha *razón obxectiva* para que o faga, e iso para el é suficiente.

É só nerviosismo. E provoca que non poida cumprir nin as miñas obrigas nin os meus deberes como esposa.

Suponse que debería ser un oasis de descanso para John e, sen embargo, remato sendo unha carga para el.

A maioría das persoas non se dan conta de cantísimo esforzo significa levar a cabo as poucas tarefas que si podo realizar como vestirme, entreter convidados e ordenar cousas.

Menos mal que a Mary dáelle moi ben coidar do bebé, pero claro, o noso é tan boíño...

Así e todo, eu *non podo* coidalo, póño-me demasiado nerviosa.

Supoño que estes nervios extremos son algo que John nunca experimentou. E búrlase de min cando lle falo do papel da parede.

Cando chegamos prometeume que poría papel novo por todo o cuarto, pero despois dun tempo explicoume que o mellor para min era non facelo, porque non había nada peor para un paciente con problemas de nervios que cumprirle todos os caprichos.

Dixo que despois de cambiar o papel seguro que lle pedía que cambiase a cama, e despois arrincar os barrotes das fiestras, e logo calquera outra minucia.

“Este sitio estache facendo moito ben, querida,” dixo, “ e a verdade, non vexo moi lóxico renovar unha casa na que imos pasar só tres meses.”

“Pois cambiemos de cuarto,” propúxenlle, “hai moitos moi bonitos na planta de abaixo.”

E achegoume a el, envolvéndome cos seus brazos, e dixo que por min, a súa pombiña querida, ata iría durmir no soto se así o desexaba eu, e poría cada cuarto da casa ao meu gusto.

Pero leva razón no do espazo para dúas camas, e o número de fiestras, e todo o demais.

Este cuarto é tan cómodo e luminoso como unha podería desexar, e non vou ser eu quen o incomode por un simple antollo.

O certo é que xa me vou afacendo ao cuarto. A todo menos a ese horrible papel.

Por unha das fiestras podo ver o xardín, cos emparrados facendo sombra, as flores plantadas dun xeito que semella salvaxe e desorganizado, as sebes e as árbores medrando retorcidas en calquera dirección.

Por outra podo ver a baía, e un pequeno embarcadoiro aínda dentro do terreo da casa. Hai que percorrer un fermoso camiño á sombra para chegar alí. Sempre imaxino este sendeiro e todos os emparrados do xardín cheos de xente paseando e divertíndose, aínda que John xa me ten avisado de que non deixe a miña imaxinación descontrolarse tanto. Di que a miña tendencia á fantasía engadida ao meu hábito de inventar historias son perigosos para o estado dos meus nervios porque incitan desexos e ideas de todo excéntricas. Así que teño que usar toda a miña forza de vontade e o sentido común que me queda para evitar estas tendencias. Eu inténtoo.

Ás veces penso que se estivese suficientemente ben como para pode escribir un pouco, aliviaría algo a presión que me producen estas ideas e podería descansar mellor.

Pero cánsome moito cando intento escribir.

É desacougante non ter consello nin compañía no meu traballo. Cando me poña ben John dixo que vai convidar ao primo Henry e a Julia para unha visita longa, pero polo de agora, di que preferiría agochar pirotecnia prendida na miña almofada mentres durmo a deixarme tratar con xente que poida ser estimulante en exceso.

Oxalá puidese mellorar con maior rapidez.

Pero non debo pensar niso agora. Este empapelado obsérvame como se *soubese* o efecto insidioso que en min produce.

Hai un punto recorrente no deseño no que as liñas xiran como un pescozo partido, facendo aparecer dous protuberantes ollos do revés.

Enfádame a impertinencia e a perpetuidade coa que me miran. Multiplícanse cara a arriba, cara a abaixo, cara aos laterais... ata que estes ollos atentos que non pestanexan invaden todo. Hai un punto no que o papel non coincide na unión entre pezas e o par de ollos sube e baixa un pouco descompensado.

Nunca vira tanta expresión nun obxecto inanimado, e todo o mundo sabe canto poden expresar os obxectos inanimados. Cando era nena pasaba as noites sen durmir e entretíñame máis con paredes brancas e mobles vulgares ca moitos nenos nunha tenda de xoguetes.

Lembro con claridade a mirada doce que tiñan os pomos do noso vello escritorio, e que había unha cadeira que sempre semellaba un compañeiro forte.

Sentía que no caso de que outro obxecto me mirase con malicia, estaría a salvo sentada naquela cadeira.

O único malo que ten o mobiliario deste cuarto é a falta de harmonía, pero isto débese a que trouxemos todo do piso de abaixo. Supoño que levarían de aquí todos os mobles de bebé cando isto foi un cuarto de xogos, e non me estraña, nunca vira estragos iguais aos que fixeron aquí uns cativos.

O papel, como xa dixen antes, foi arrincado nalgúns lugares da parede e, polo ben pegado que se pode ver que está, tiveron que valerse de persistencia e odio a partes iguais para poder quitalo.

O chan está raiado, levantado e picado, o xeso da parede ten algúns buratos e, esta cama, o único que xa estaba no cuarto, semella ter vivido varias guerras.

Pero non me molestan todas estas cousas, só o papel da parede.

Xa vexo á irmá de John camiñando cara á casa. E por moi cordial que sexa ou o ben que coide de min, non podo deixar que me atope escribindo.

É unha muller perfecta, e un ama de chaves moi boa, é o traballo dos seus soños, claro. Na súa opinión, o meu hábito de escrita é o que me enferma tanto.

Escribo só cando sae ao xardín e podo vela ao lonxe polas fiestras.

Desde unha podo controlar o camiño principal, un camiño fermoso á sombra que vai facendo curvas e atravesando campos ata onde chega a miña vista. Os campos son igual de magníficos que a casa, cheos de olmos e prados verdes que semellan veludo.

Este papel de parede ten un subestampado noutra cor, unha bastante irritante porque só se pode ver baixo certa luz, e non de todo ben.

Pero cando lle dá o sol, nos lugares onde non está descolorido podo ver unha figura estraña, provocadora e sen forma recoñecible, que semella enfadada detrás do estúpido e ostentoso estampado principal.

Xa escoito a irmá de John subir polas escaleiras!

Por fin rematou o catro de xullo! A xente xa marchou para a súa casa e eu estou desfalecida. John pensou que sería boa idea ter algo de compañía, así que convidou a mamá e a Nellie cos nenos durante unha semana.

Eu, por suposto, non fixen nada. Jennie encargouse de todo na casa.

Así e todo, estou moi cansa.

John di que se tardo moito en recuperarme terei que ir ver ao Doutor Weir Mitchell no outono.

Eu non quero ir. Unha amiga que estivo nas súas mans contoume que é igual ca John e o meu irmán. Ou pode que peor!

Ademais, supón un gran esforzo para min ir tan lonxe.

Non penso que sexa oportuno, e aínda menos considerando os meus cambios de humor, estoume volvendo irritable e insociable por momentos.

Choro sen motivo e con moita frecuencia.

Cando estou con John ou con calquera outra persoa non, claro, só cando estou soa.

E paso soa a maior parte do tempo. John queda na vila moi a miúdo por casos complicados ou graves, e Jennie é moi ben mandada e déixame soa sempre que llo pido.

Paso os días camiñando polo xardín ou polo camiño que leva ao embarcadoiro, sento no soportal da casa, baixo as roseiras, e déitome cantas veces quero durante o día.

Estoume encariñando con este cuarto a pesar do empapelado. Quizais *debido* ao empapelado.

Non sae da miña cabeza!

Cando estou deitada nesta cama inamovible (*inamovible* porque penso que está cravada no chan) dedícome a seguir o deseño da parede durante horas. É un exercicio tan bo como a ximnasia. Primeiro comezo, por exemplo, abaixo de todo, na esquina onde aínda está o papel enteiro, e prometo con determinación, por milésima vez, que *seguirei* este absurdo debuxo ata chegar a algunha conclusión.

Repítese, claro, pois cada tira individual de papel ten o mesmo deseño.

Segundo como se mire, de xeito independente cada tira de papel semella ser un empapelado diferente, alleo, inchado e crecendo incontrolable ata amosar un exceso imposible que florece nun estampado dexeneradamente románico e con *delirium tremens*, que sube e baixa cambaleándose en fachendosas columnas.

Pero tamén, se se observa doutro xeito pode verse que conecta en diagonal, convertendo as liñas de contención das formas en ondas oblicuas que producen un terror óptico semellante a unha maraña da algas no medio dunha corrente.

Tamén pode seguirse o deseño en horizontal, ou polo menos pódese intentar, eu remato demasiado cansa cando intento enxergar algunha pauta ou orde no deseño indo nesa dirección.

E por se todo isto fose pouco, alguén decidiu usar un anaco do rolo deste papel como friso, dando un toque final a esta confusa composición.

Hai un lado da habitación no que o papel está intacto, e alí, cando xa non se cruzan os raios de sol que entran por todas as fiestras, e só a luz do solpor acariña a parede, case podo sentir certa composición radial detrás do debuxo. As grotescas e interminables formas do estampado semellan orixinarse nun centro común e saír despedidas de xeito precipitado e salvaxe cara a onde poden.

Fatígame seguilo coa vista. É mellor que durma un pouco.

Non sei por que decidín escribir isto.

Non quero.

Non teño forzas.

E a John pareceríalle absurdo. Pero teño que expresar o que sinto, e en certo modo, escribir alívame.

Sen embargo o esforzo faise maior ca o alivio.

Nestes días, a metade do tempo invádeme unha atroz preguiza, e a outra metade pásoa deitada descansando.

John di que non podo perder as forzas, así que decidiu receitarme aceite de fígado de bacallau ademais dos tónicos e as outras beberaxes que xa tiña que tomar, e por suposto, nada de cervexas, viños ou carnes vermellas por agora.

O meu amado John! Adórame e detesta verme tan enferma. Intentei ter unha conversa seria con el o outro día para explicarlle as ganas que teño de ir visitar ao primo Henry e a Julia.

Pero explicoume que era mellor evitalo, porque non tería forzas para facer a viaxe, e moito menos para pasar as tardes de pé unha vez alí. E o meu comportamento nese intre engadiuse á miña falta de argumentos para facer a visita, porque comecei a chorar descontroladamente antes de poder producir unha frase coherente.

Suponme un gran esforzo pensar con claridade. Supoño que será cousa dos nervios.

E o meu adorado John tivo que achegarse e recollerme para levarme ao piso de arriba e que descansara. Sentou comigo na cama e leu en voz alta ata que quedei durmida.

Musitoume que eu era o seu tesouriño, o seu amor, o máis importante da súa vida, e que por iso tiña que poñerme ben, por el.

Di que eu son a única co poder absoluto de axudarme a saír disto, que teño que usar toda a miña vontade e autocontrol para non deixar que me invadan fantasías e delirios.

Hai algo que me reconforta en toda esta situación, que o bebé está ben e feliz, e sobre todo, que non ten que pasar os días neste cuarto rodeado deste terrible empapelado.

Se tivésemos quedado noutro cuarto este sería o que lle correspondería ao bebé! E vaia sorte para el poder escapar tal destino! Ningún fillo meu, tan pequeno e impresionable, pasaría o tempo nun cuarto así.

Non o pensara ata agora, pero é unha sorte que John decidise deixarme aquí. Eu podo soportalo moito mellor ca o bebé.

Xa nunca lles falo sobre o empapelado nin a John nin a Jennie, pois xa sei en que devén iso, pero continúo vixiándoo *cada día*.

Hai cousas sobre este empapelado que só sei eu.

Como que con *cada día* que pasa, por detrás do debuxo principal fanse cada vez máis obvias unhas escuras figuras.

É sempre a mesma forma multiplicada por mil.

Semella unha muller anicada, arrastrándose por detrás do estampado. Non me gusta. E penso en canto desexo que John me levase para outro cuarto!

É moi complicado falar con John sobre o meu caso, porque el é tan intelixente, e ademais quéreeme tanto...

Aínda así, intenteino onte pola noite.

Podía verse a lúa, entraban os seus raios como se fose plena luz do día.

Algunhas veces odio vela, movéndose sixilosamente ata aparecer por sorpresa por algunha das fiestras.

John durmía e non me gusta espertalo, así que decidín agardar inmóbil observando o efecto da luz da lúa no empapelado ata que me fixo estarrecer co medo.

Unha figura, apenas perceptible, semellaba sacudir con forza o estampado desde detrás, como intentando escapar.

Erguinme con coidado e fun sentir coa man se realmente o papel pintando estaba facendo algún movemento. E cando volví para a cama John xa estaba esperto.

“Que ocorre, miña nena?”, preguntou, “Non me gusta que saias da cama no medio da noite, vas coller frío.”

Crin que sería un bo momento para falar e intentei explicarlle que aquí non me estaba recuperando.

“Pero por que dis iso, querida?”, quixo saber, “O noso contrato de aluguer remata en tan só tres semanas, e sería moi difícil poder marchar antes.

Aínda non remataron as obras na nosa casa, e eu non podo marchar dun día para outro da vila. Se estiveses en perigo non o dubidaría nin un segundo, por suposto, ti sábelo, pero eu penso que si estás mellorando, ruliña, aínda que ti non o poidas ver. Eu son médico e sei sobre estes asuntos. Gañaches peso e cor na pel desde que estamos aquí, e o teu apetito está moito mellor. Penso que todo vai ben.”

“Non peso nin un gramo máis ca cando chegamos,” respondinlle, “todo o contrario. E o meu apetito pode que sexa mellor polas noites, cando ceamos xuntos, pero empeora polas mañás, cando marchas”.

“Pobriña, meu amor,” dixo John dándome unha aperta, “deixarei que esteas todo o mal que ti queiras, entón. Pero agora temos que durmir, xa falaremos con calma noutro momento”.

“Pero ti non queres marchar?” preguntei coa voz crebada.

“É que non sei como fariamos, querida. Tan só nos quedan tres semanas máis aquí e despois faremos unha pequena viaxe mentres que Jennie arranxa a nosa casa para a volta, si? Faime caso, querida, estás moito mellor”.

“Mellor fisicamente, quizais...” comecei a dicir. Pero non fun quen de pronunciar outra palabra ao ver a John recostado na cama, observándome cun ollar firme e recriminatorio, impropio del.

“Querida,” dixo, “pídoche polo meu ben, polo ben do noso fillo, e tamén polo teu propio, que non deixes que esas ideas infesten os teus pensamentos. Non hai nada máis perigoso, e polo tanto tentador, para un temperamento coma o teu. É unha falsa e presuntuosa ilusión. Ou é que non confías no meu coñecemento como doutor?”

Eu non dixen nada máis. E durmimos.

John tiña a certeza de que eu quedara durmida primeiro, pero non foi así. Pasei alí deitada horas intentando descifrar se o estampado principal e o de detrás se movían xuntos ou por separado.

Un estampado así polo día carece de secuencialidade, desafía todas as leis físicas converténdose nunha constante fonte de irritación para calquera mente común.

A cor pode ser fea, estraña ou exasperante, dependendo do momento, pero o estampado é unha tortura.

A estas alturas debería telo xa completamente dominado, pero cando penso que xa o teño controlado, o debuxo decide facer un salto mortal cara atrás e tócame comezar de novo. Bate comigo, patéame na cara, empúrrame, é un pesadelo.

O deseño de diante é dun estilo arabesco vexetal, imitando fungos. Imaxina unha ringleira de cogomelos, o máis preto do posible uns de outros, un fío interminable de fungos reproducíndose e brotando en convulsións infinitas... é algo máis ou menos así.

Ou polo menos é algo máis ou menos así algunhas veces!

Hai unha particular peculiaridade neste empapelado que só eu fun quen de descifrar, que cambia dependendo da luz.

Por exemplo, cando o sol entra no cuarto polo leste, e sempre observo vixiante este primeiro e longo raio matutino, o deseño do papel muda tan rápido que é difícil albiscar a transformación.

Por iso agardo atenta.

Baixo a lúá (cando hai lúá) non parece o mesmo papel pintado.

Pola noite, en calquera tipo de luz, xa sexa a do solpor, a dunha candeia, a dunha lámpada de aceite, ou a que menos me gusta, a luz da lúá, o debuxo do empapelado torna en reixas. Refírome ao estampado exterior. E pode verse con perfecta claridade á muller de detrás.

Durante moito tempo non entendía o que había por detrás, ese subestampado sutil, pero agora estou convencida de que é unha muller.

Pasa o día *tranquila*, en silencio. Supoño que o estampado principal tena *atrapada*. É moi raro, porque o estampado produce en min este mesmo efecto.

Agora paso case todo o tempo deitada. John di que é bo para o meu estado e que teño que durmir todo canto poida.

De feito, está intentando converter nun hábito que me deite a descansar durante unha hora despois de cada comida.

A min parécese que é unha práctica bastante prexudicial, a verdade, porque non durmo.

E isto engadese ao engano ao que teño sometido a todo o mundo, porque non lles digo que paso esas horas esperta. Nin se me ocorrería!

Empezo a ter medo de John.

Compórtase dun xeito estraño ás veces, e ata Jennie comeza a ter un algo inexplicable na mirada.

Invádeme o pensamento, a modo de hipótese científica, de que estes cambios poden ser cousa do empapelado.

Porque ultimamente estiven observando a John sen que el se decatase, e está sempre entrando ao cuarto con calquera escusa, ademais pilleino varias veces *mirando o papel!* E Jennie igual. Unha vez vira tocando o empapelado!

Ela non se decatara de que eu estaba no cuarto, e cando lle preguntei, con voz calmada, que estaba facendo co papel, xirouse como se a acabase de atopar roubando e, algo irada, respondeume que non asustase dese xeito.

Despois comezou a explicarme que o papel estaba distinguindo e manchando todo, que atopara restos amarelos en toda a miña roupa e na de John, e pedíume que, por favor, tivésemos máis coidado.

Unha resposta moi inocente, verdade? Pero eu sei que estaba intentando descifrar o segredo no debuxo do estampado, e se alguén ten que conseguir tal cousa, estou determinada a ser eu!

A miña vida agora é tan entretida... Teño tantas cousas ás que agardar e observar... O meu apetito está moitísimo mellor, e estou en silencio *máis ca nunca*.

John está encantando co meu avance. O outro día dixo rindo que semellaba estar mellorando a pesar do meu empapelado.

Respondinlle cunha gargallada. Non tiña intención algunha de explicarlle que a miña mellora era *debido* ao empapelado. Mofaríase de min. E ata pode que intentase sacarme de aquí.

Non quero marchar desta casa aínda. Quédanos unha semana, e penso que vai ser suficiente.

Síntome mellor ca nunca! Non durmo case nada polas noites, é demasiado interesante ver o que ocorre no papel, pero paso o día durmindo despois.

Os días son aburridos.

Sempre o mesmo. Aparecen novos brotes de fungos e diferentes tonalidades de amarelo por todas partes. Hai tantos cambios que non podo levar a conta, e iso que poño todo o meu empeño.

Este empapelado é dun amarelo moi estraño. Obrígame a pensar en todas as cousas amarelas que coñezo, pero non nas bonitas como as flores do campo, fórzame a pensar nas feas, nas nauseabundas cousas amarelas do mundo.

Hai algo máis anómalo neste papel, o cheiro! Sentino a primeira vez que entrei neste cuarto, pero claro, tan soleado e ventilado como estaba, non lle dei importancia. Pero agora, despois de tantos días nubrados con néboa e chuvia, independentemente de se as fiestras están abertas ou non ou da cantidade de veces ao día que se airea o cuarto, o cheiro está aquí.

Espállase por toda a casa.

Síntoo no aire do comedor, vagando pola sala de estar, agochado polos corredores, deitado, agardando por min nas escaleiras.

Queda atrapado no meu cabelo.

Cando vou montar a cabalo pola finca, se xiro a cabeza bruscamente para pillalo por sorpresa, alí está!

Un olor peculiar. Pasei horas tratando de analízalo, buscando con que podía compararse.

Non diría que é un mal cheiro, polo menos de primeiras. É moi suave, moi sutil. O cheiro mais persistente que experimentei nunca.

Estou convencida de que a muller pode saír do papel durante o día!

E vou dicir en confianza por que: porque eu vira cos meus propios ollos!

Podo vela a través de todas as fiestras deste cuarto!

É sempre a mesma muller, estou segura, porque sempre anda a rastro, e a maioría das mulleres non farían tal cousa a plena luz do día!

Véxoa polos camiños, polos emparrados e arrastrándose dun sitio a outro polo resto do xardín.

Véxoa a rastro tamén polo camiño principal, e cando pasa unha carruaxe agóchase entre as viñas.

Non a culpo, é moi humillante que alguén vexa a unha muller polo chan durante o día!

Eu, por exemplo, sempre poño o fecho cando o fago, porque sei que John pensaría o peor de min se me atopase así.

E como John xa se comporta dun xeito tan estraño, non quero que se irrite máis. Oxalá decidise marchar para outro cuarto e deixase este para min soa! Porque quero ser eu quen lle dea caza a esta muller cando saia pola noite.

Ás veces intento vela por todas as fiestras ao mesmo tempo.

E aínda que me xiro tan rápido como o meu corpo permite, só podo vela por unha de cada vez.

Pois por moito que manteña a vista ata o último momento nela, *é capaz* de arrastrarse máis rápido do que eu podo xirarme.

Tamén podo vela ao lonxe ás veces, polos campos, arrastrándose tan rápido como a sombra dunha nube levada polo vento.

Se puidese arrincar o debuxo de diante e deixar só o de detrás... Quero intentalo, aos poucos.

Penso que atopei outra cousa curiosa no empapelado, pero non vou contar que aínda, non é bo confiarse tanto.

Quédanme dous días máis para desfacerme deste papel, e penso que John empeza a sospeitar algo. Non me gusta a desconfianza coa que me mira.

Escoitei como lle facía moitas preguntas a Jennie sobre os meus hábitos de saúde. Ela só puido responder cousas boas, claro.

Díxolle que descanso e durmo moito polo día.

John xa sabe que non pego ollo pola noite, e iso que eu non lle dixen nada.

Faime todo tipo de preguntas e finxe ser amable, paciente e amoroso comigo.

Como se eu non soubese o que maquina!

Pero entendo que actúe así, durmindo rodeado deste empapelado durante tres meses...

Son a única interesada no papel, pero teño a certeza de que tamén lle afectou a John e a Jennie dalgún xeito.

Viva! É o último día aquí, pero é máis que suficiente porque John pasou a noite na vila e non volve hoxe pola tarde.

Jennie quixo durmir comigo, vaia prea! Pero expliqueille que eu descanso infinitamente mellor durmindo soa.

Un movemento intelixente pola miña parte, porque realmente nunca estou soa! Tan cedo como entraron os primeiros raios de lúa pola fiestra esa pobre criatura comezou a arrastrarse e abanear o debuxo do estampado, e eu acudín rápido a axudala.

Eu tiro e ela treme. Eu tremo e ela tira. E en tándem, antes de que se faga de día, xuntas arrincamos canto puidemos deste empapelado.

Xa liberamos a metade do cuarto, ata onde puideron chegar as nosas mans.

Despois saíu o sol, e este espantoso deseño comezou a burlarse de min de novo, polo que decidín rematalo todo hoxe!

Mañá cedo marchamos e xa comezaron a levar os mobles para o piso de abaixo, onde estaban hai tres meses.

Jennie quedou estupefacta co meu traballo nas paredes, eu díxenlle que fixera aquilo por pura xenreira ao empapelado.

Ela riu e díxome que ela mesma tería feito o mesmo se tivese ocasión, pero que eu tiña que ter moito coidado con fatigarme en exceso.

Delatárona as súas palabras recoñecendo isto!

Mentres estea eu aquí ningunha outra persoa vai tocar este empapelado se non quere saír desta casa cos pés por diante despois!

Era obvio que intentaba sacarme do cuarto, pero díxenlle que agora que estaba todo tan tranquilo e tan limpo tiña gana de deitarme e durmir tanto como puidese, e pedinlle que non me chamase para cear, xa a avisaría eu cando espertase.

E marchou, e os criados marcharon tamén, levaron todas as nosas cousas e os mobles xa non están, só a cama cravada no chan e o colchón que tiña cando chegamos.

Hoxe imos durmir no piso de abaixo e mañá colleremos o barco de volta a casa.

Encántame este cuarto agora que está outra vez tan baleiro.

O xeito no que os nenos estragaron todo...

Esta cama roída...

Pero teño que poñerme a traballar xa.

Pechei a porta, quitei a chave da pechadura e guindeina pola fiestra que da ao camiño.

Non quero saír nin tampouco que ninguén entre neste cuarto ata que chegue John.

Quero sorprendelo!

Teño comigo unha corda que agochei para que Jennie non a atopase cando recolleu o cuarto. Así se esa muller decide saír do empapelado e intenta escapar, poderei amarrala sen problema!

Pero esquecín que non podo chegar a todo o papel sen algo no que subir!

E esta cama *non se quere mover!*

Xa intentei levantala e empurrala con todas as miñas forzas, e anoxoume tantísimo que lle trabei nunha esquina do cabezal ata que me doeron os dentes.

Despois decidín comezar a arrincar todo o empapelado que puiden estando de pé. Está moi ben pegado, e ao estampando divírtelle! Todas esas cabezas aforcadas de ollos saltóns e os brotes de fungos fanme burla!

Estou tan furiosa que pensei en facer algo desesperado. Saltar pola fiestra sería un exercicio admirable, pero as reixas son demasiado fortes como para intentalo.

E eu xamais faría algo así, por suposto que non. Sei que unha acción dese calibre é impropia e podería interpretarse dun xeito equivocado.

Non me gusta nin *mirar* polas fiestras sequera, por fóra hai tantas versións desa muller a rastro... e móvese tan rápido...

Pregúntome se todas elas saíron do empapelado, coma min.

Estou atada con forza coa corda que tan ben agochei, fóra non *me* poderías pillar!

Supoño que terei que volver detrás do estampado do empapelado cando chegue a noite, co pouco que me agrada!

Estou tan a gusto neste cuarto tan grande, arrastrándome dun lado para outro canto quero!

No quero saír fóra. Non o vou facer aínda que mo pida Jennie.

Porque fóra hai que arrastrarse pola terra, e todo é verde e non amarelo.

Aquí podo arrastrarme e escorregar con suavidade polo chan e, deitada boca abaixo, os meus ombreiros tocan con exactitude esa longa marca que recorre as paredes do cuarto para non perder o camiño.

Escoito a John ao outro lado da porta!

Probe o que queira, bo mozo, non hai nada que poida facer vostede para abrir!

E berra. E bate na porta.

Agora pide unha machada.

Sería unha mágoa romper unha porta tan bonita!

“John, querido,” dixen coa mais doce das voces, “a chave está abaixo, onde as escaleiras da entrada, entre as plantas”.

Fíxose o silencio durante un intre.

E despois el dixo calmado “Abre a porta, querida”.

“Non podo,” respondín, “a chave está abaixo, onde as escaleiras da entrada, entre as plantas!”.

Díxenllo de novo, e repetínllo unha e outra vez amodo, con dozura, ata que non lle quedou outra que ir comprobar se era certo. Atopou a chave rapidamente e apresurouse a entrar no cuarto. Freou en seco no arco da porta.

“Pero que pasou aquí?” berrou, “meu deus! Que estás facendo?”

Eu seguía escorregando polo chan, arrastrándome, e mirándoo por riba do meu ombreiro dixen:

“Por fin saín, pese a ti e a Jennie! E arranquei a maioría do empapelado para que non me poidades volver encarcerar!”

E non sei por que, pero desmaiouse. Desmaiouse xusto no medio da miña traxectoria polo chan, obrigándome a pasarlle por riba en cada volta que daba que polo cuarto.